



BOLETÍN FITOSANITARIO DE AVISOS E INFORMACIÓN

13 de agosto de 2008

Nº 19/08

METEOROLOXÍA

Na semana do 7 ao 13 deste mes predominaron as temperaturas moderadas, máis baixas do habitual para a época do ano, chegando a mínimas de 9-14°C, segundo as zonas, e máximas de 21-24°C, sendo o habitual nesta época encontrar as máximas das mínimas e as máis altas nas comarcas do interior respecto ás de zonas costeiras. Algúns días producíronse precipitacións, acontecendo os días 8, 11 e 12 de xullo. **Previsión:** O tempo continuará sendo variable, alternándose situacións anticiclónicas co paso de borrascas cerca da nosa comunidade, provocando precipitacións febles os días 16 a 18. As temperaturas manteranse en valores suaves.

VIÑEDO

D. O. Rías Baixas

Estado fenolóxico medio

L (peche dos acios)-**M₁** (inicio do envero). Constatase o retraso do ciclo biolóxico do viñedo na presente campaña, estimándose como data previsible de vendima a última semana de setembro.



Uvas tintas ao inicio do envero



Uvas brancas ao inicio do envero

Incidencias fitopatolóxicas destacadas

Mildeu (*Plasmopara vitícola*). As últimas precipitacións acontecidas en alternancia con tempo soleado -tal e como se prevía no anterior boletín-, provocou que nos últimos días aumentara a sintomatoloxía da enfermidade, sendo máis importante nas follas xoves que nas maduras ou nos acios que todavía non alcanzaron o estado fenolóxico do envero.



Folla con sintomatoloxía de Mildeu

Todavía é necesario manter o control da enfermidade nos viñedos, posto que o fungo afectará á calidade e rendemento da colleita presente.

Oídio (*Uncinola necator*). Segue habendo condicións de infección desta enfermidade, sobretudo naqueles viñedos nos que houbo inóculo en anteriores afeccións e as uvas aínda

segue D. O. Rías Baixas

no enveraron. Os danos que se observan son, normalmente, de pouca importancia aínda que se ve en case todas as parcelas. Deberase ter en conta, ademais, que a presenza de Oídio mal curado nos acios no momento da maduración das uvas aumenta a sensibilidade das mesmas a botrite.



Síntomas de Oídio en uva.

Botrite ou Podremia gris (*Botrytis cinerea*). Non hai síntomas da enfermidade. Nembargantes, principalmente nas variedades sensibles (treixadura, godello, caíño tinto,...), a causa das precipitacións acontecidas e as que se prevén, é moi probable que se manifeste no momento da maduración dos acios.

Mosquito verde (*Empoasca sp.*). Debido aos últimos tratamentos realizados no control da Polilla, diminuíron bruscamente as poboacións na meirande parte dos viñedos, aínda que nalgunhas parcelas empezan a medrar novamente as poboacións sen chegar aos umbrais de tratamento de 1 insecto/folla, de entre 50 observadas o chou no viñedo.

Acariose (*Calepitrimerus vitis*) e **Araña vermella** (*Tetranychus urticae* Koch e *Panonychus ulmi*). As últimas precipitacións e o grao de humidade ambiental frearon a sintomatoloxía crecente das últimas semanas, reducendose a presenza a pequenos focos. Deberase continuar coa vixilñancia.

Recomendacións da semana

Tratar os viñedos con preparados de contacto con acción preventiva fronte ao Mildeu en canto as condicións metereolóxicas sexan favorables.

Nos viñedos adiantados das zonas máis secas en inverno, este tratamento normalmente será o último da campaña. Nos que todavía están no estado fenolóxico **L** de peche do acio (aínda (con crecementos da gomariza) será necesario un novo tratamento das mesmas características transcurridas unhas dúas semanas. Entón os preparados deberán ser preferiblemente a base de cobre ou cobre-orgánico (en variedades sensibles á Botrite recoméndase Co+Folpet buscando o dobre efecto antimildeu-antibotrite). Este tratamento deberá chegar a todas as partes verdes das vides, incluídas as puntas da gomariza.

Xunto co anterior tratamento, deberase mesturar xofre nos viñedos que todavía non enveraron debido ao poder infectivo do fungo sobre o acio ata pasado o inverno.

Manter a vixianza, con trampas cromotróficas amarelas, sobre *Scaphoideus titanus*, principalmente nos viñedos das comarcas limítrofes con Portugal.



Adulto de *Scaphoideus titanus*

DD. OO. Ribeiro, Ribeira Sacra, Valdeorras e Monterrei

O cultivo sigue acumulando certo retraso no seu ciclo produtivo respecto ao ano pasado. Ademais e de xeito xeral, estímase que as condicións meteorolóxicas desfavorables acaecidas durante a fase de floración causen unha redución na colleita.

Mantéñense as recomendacións destas semanas para todas as DD de calidade:

deberase continuar coa vixianza nas parcelas que estén próximas a fincas abandonadas; estase a comprobar unha maior incidencia de enfermidades nas parcelas situadas nas proximidades de viñedos abandonados.

Estado fenolóxico medio

Predomina o estado **L** (peche de acio). Nas variedades precoces, como Mencía, empézase



segue DD. OO. Ribeiro, Ribeira Sacra, Valdeorras e Monterrei

a apreciar o estado de pintor ou inicio de envero (**M1**). Na D.O. Ribeira Sacra estímase que atopámonos ao 50 % en cada un dos estados.

Incidencias fitopatolóxicas destacadas

As mesmas que nas derradeiras semanas. Siguen aparecendo síntomas de **Oídio** en acios e en sarmientos, polo que é importante manter protexido o cultivo fronte a esta enfermidade. Non apareceron novas manchas de **Mildeu**. Ausencia de síntomas de ataques provocados por **pragas**.

Recomendacións da semana

É importante manter protexido o cultivo fronte a Oídio, xa que estamos nunha fase na que o cultivo é moi sensible a esta enfermidade. En caso de facer un tratamento contra Mildeu deberase empregar materias activas de carácter penetrante ou sistémico. Débese ter en conta que no caso de ter a intención de facer un tratamento preventivo contra a Botrite, o estado fenolóxico de peche do acio (**L**) é apropiado para facelo.

HORTA nas Rías Baixas

Estados fenolóxicos medios

- TOMATE** (invernadoiro): recolección.
- PEMENTO** (invernadoiro): recolección.
- XUDIA** (invernadoiro): resembrado do 2º ciclo.
- XUDIA** (aire libre): recolección.
- COLES** (exterior): varios ciclos en función da data de plantación. En xullo-primeira quincena de agosto deberán realizarse as plantacións para a produción das brassicas, coles e zenorias.
- LEITUGA** (exterior): varios ciclos en función da data de plantación.
- CEBOLA**: recolección.
- PATACA**. Ciclo temperán e ciclo medio: recolección rematada. Ciclo tardío: engrosamento de tubérculos.

Incidencias fitopatolóxicas destacadas

Mildeu en Tomate (*Phytophthora infestans*). As condicións fitopatolóxicas dos últimos días propiciaron novos síntomas da enfermidade en Tomate, sobre todo nos cultivos ao aire libre. É previsible que nos próximos días o fungo tamén infecte a outras especies sensibles, como a Leituga.



Froito de Tomate con síntomas de Mildeu

Oidiopse en pemento (*Leveillula taurica*). Seguen observándose nalgúnhas explotacións síntomas de Oidiopse en Pemento baixo abrigo.

Enfermidades de cano. Mantéñense os síntomas de problemas de fungos no sistema radicular e cano nalgúns cultivos hortícolas, principalmente no caso de *Fusarium solani* en Tomate e Xudía, tanto en invernadoiro como ao aire libre, así como no de *Fusarium sp.* en Leituga.

Ademais, na presente campaña véñense observando unha serie de danos provocados por fungos secundarios, *Acreminium sp* e *Cylindrocarpon sp.*, pouco coñecidos ata esta campaña e que foron aillados no Laboratorio Agrario fitopatolóxico de Galicia. Haberá que estudar no futuro o modo de control máis efectivo. Nalgúnhas explotacións provocaron mermas importantes. Na imaxe que se xunta obsérvase o aspecto dunha planta afectada.





HORTA nas Rías Baixas

Araña vermella (*Tetranychus urticae*). No cultivo de Xudía en invernadoiro hai algunhas explotacións con forte infestación de Araña vermella. No caso de que se levanten os cultivos afectados de 1º ciclo de plantación, deberase sacar a ramaxe e limpar calquer resto da mesma para que non se conserven as poboacións no seguinte cultivo, tratándose este nos primeiros estádios antes da súa instalación.

Trips (*Frankliniella occidentalis*). Sobre todo no cultivo de Pemento, obsérvanse poboacións do insecto.

Mosca branca (*Trialeurodes vaporariorum*). Sobre todo no cultivo de Tomate obsérvanse importantes poboacións de mosca branca en tódolos estádios de desenvolvemento. O umbral de tratamento da praga é de 1 adulto/folla, con nivel de parasitismo menor do 25 %, e nº de follas ocupadas maior do 50% ou coa presenza de negrilla nas follas e ramalletes.

Ácaro branco en Tomate

(*Polyphagotarsonemus latus*). Nalgunhas explotacións obsérvanse sintomatoloxía da praga cun aspecto bronceado da vexetación, recomendándose confirmar a súa presenza cunha lupa de 25 aumentos mínimo.

Nemátodos (*Meloydogine sp*). Nas últimas datas aumentaron significativamente os nódulos provocados por nemátodos nas raíces dos cultivos hortícolas. Nas plantacións que se renovan en invernadeiro, principalmente Tomate e, sobretudo, Xudía, deberán prevelo no caso que se comprove a presenza deste parásito ao arrancar o cultivo precedente.

Recomendacións da semana

Os invernadoiros con problemas fitopatolóxicos no chan (nemátodos e fungos) que vaian ser utilizados nun novo cultivo, necesitan recuperar a saúde do mesmo. Para elo recoméndase realizar unha **biofumigación** do solo antes de realizar a nova plantación. A biofumigación consiste no enterrado de abonos orgánicos no chan á dose duns 8 kg/m², previamente preparado e limpo de restos de colleita. Unha vez incorporados e enterrados os restos orgánicos, dase unha rega copiosa, que sature o solo de auga en toda a superficie, e acólchase durante 3-4 semanas para provocar unha forte fermentación das materias orgánicas, tóxicas para os patóxenos, á vez que se aumenta a Tª por solarización, provocando un efecto añadido contra aqueles. Pero o maior éxito desta técnica radicarán no

aumento da microflora antagonista dos nemátodos e outros fungos, e incluso pragas presentes no solo. O Servizo Técnico Agrario promove este ano un ensaio que se está a realizar para testar os efectos da técnica biolóxica de control.

A mellora desta técnica é fundamental para manter a viabilidade das explotacións hortícolas con solos cansados sobre todo en invernadoiro, posto que os medios convencionais de control químico, ademais de diminuír a eficacia cada ano que pasa, moitos deles estanse retirando do Anexo I do Rexistro Único Europeo da Directiva 91/414/CEE das sustancias admitidas para a utilización na agricultura.

En canto aos demais patóxenos, debido á diversidade de cultivos, situacións e aos diferentes estados fenolóxicos nos que se atopan cada un deles, fai moi difícil dar unhas recomendacións xerais de control, polo que deberase manter a vixianza dos cultivos en cada parcela para que, en función das observacións, poidan adoptarse as medidas preventivas ou de control oportunas. No caso de dúbidas de diagnóstico ou de medios de



A biofumigación é unha demostración de que as técnicas tradicionais de cultivo, en xeral crean unha riqueza de antagonistas nas explotacións moi favorables para a viabilidade dos cultivos.



segue HORTA nas Rías Baixas

control máis axeitados a empregar en cada situación particular, é convinte poñerse en

contacto con técnico-consultor en fitopatoloxía e produción vexetal da explotación.

PATACA en A LIMIA e noutras zonas da provincia de Ourense

A información que se proporciona corresponde á comarca da Limia. No resto da provincia o ciclo do cultivo vai moito máis adiantado, chegando nalgúns zonas á fase de colleita. Non hai incidencias fitosanitarias salientables.

Estado fenolóxico do cultivo

Variable. A fase predominante é a de ENGROSAMENTO DE TUBÉRCULOS.

Incidencia de pragas

Ningunha.

Incidencia de enfermidades

Mantéñense os ataques de Mildeu nalgúns parcelas, propiciados polas néboas matinais, especialmente nas parcelas mal ventiladas e

onde se aplican regas.

Tratamentos recomendados

Manter protexido o cultivo fronte ao Mildeu.

Nas parcelas coa vexetación totalmente desenrolada, recoméndase un tratamento con materias activas de carácter penetrante ou incluso sistémico.

Non espaciar máis de 12 días os tratamentos antimildeu.

Recoméndase facer un tratamento preventivo contra o pulgón, xa que estamos nunha época onde se producen os maoires ataques de pulgón.